




Deputación  
DA CORUÑA

# Boletín de Medio ambiente

Nº 232  
29/06/2022



**Santuario rupestre de Pena Furada, Coirós.** No ano 1993, Fernández Malde publicou un interesante artigo sobre un conxunto de gravados rupestres localizados na Pena Furada, da aldea de Figueiras, parroquia de Santa Mariña de Lesa. Trátase dun posible **SANTUARIO GALAICO-ROMANO** que se atopa nun **afloramento granítico na cima dun monte**, cuxas ladeiras sur e occidental descenden cara ao val dos ríos Mendo e Mero, nunha pronunciada pendente; o cal fai moi difícil ascender por esas vertentes ata o alto do santuario. Segundo o propio Malde, "excede a calquera cousa deste tipo na Península Ibérica", incluídos os de Armea (Ourense) e Panoias (Portugal). Delimitado con fosos e muros perimetrais, o santuario de Pena Furada foi coidadosamente ordenado a partir do gravado nunha roca da imaxe da **MOURA**, unha figura feminina cun sexo moi marcado que **viría representar á DEUSA NAVIA**, asociada ás augas segundo algúns historiadores da relixión na Idade do Hierro. (Galicia pueblo a pueblo).

## Noticias

### A concesionaria de limpeza municipal ofrece axudas para proxectos ecolóxicos

A concesionaria do servizo de recollida de limpeza municipal, **PreZero**, lanza a **convocatoria Súmate**, un programa de axudas a proxectos sociais que supón un compromiso compartido entre a organización e os empregados para **melhorar a situación de persoas en situación de vulnerabilidade e contribuír a unha contorna máis sostible**.

As **ONG e fundacións** da Coruña poderán presentar proxectos a través dun concurso aberto **ata o próximo 7 de outubro** enviándoos a través do formulario publicado na páxina web <https://prezero.élé/sumate>.

Máis Info

### Un coruñés gaña un concurso internacional para crear un bosque urbano

Unha iniciativa do mozo coruñés **Manuel Logar** converterase nos meses próximos nun **bosque** aos pés da Ágora. Trátase dunha competición proposta por IVN e 5 Media na que se recollían **propostas para facer un pequeno bosque concentrado no medio do asfalto nalgunha cidade europea**, e a gañadora resultou ser a de Logar, converténdose no primeiro Tiny Forest (que así se chama a iniciativa) que se fai en España e Portugal.

Trátase de facer bosques urbanos moi concentrados, en pequenos espazos, con moitas árbores que actúen como un pulmón verde nas zonas máis urbanizadas das cidades», explica o galar-dado.

Máis Info

## A Xunta concede 4,82 M€ en axudas a 124 concellos e entidades locais para mellorar a xestión dos biorresiduos de orixe doméstica

Entre os **gastos subvencionados** figuran a adquisición de colectores, caldeiros domésticos para biorresiduos, composteiros domésticos ou comunitarios, biotrituradoras, aireadores, termómetros e tamizadoras ou camións de recollida da fracción orgánica, así como para a posta en marcha de campañas informativas dirixidas á veciñanza para axudala a diferenciar onde e que residuos botar no colector marrón.

Os incentivos outorgados pola Xunta **póden chegar a cubrir ata o 90% do custo total da actuación**, de maneira que a entidade local beneficiaria terá que asumir pola súa conta o importe restante.

Máis Info

## Bruxelas propón reducir pesticidas químicos un 50% ata 2030 e restaurar ecosistemas naturais

A Comisión Europea presentou unha proposta para **reducir o uso de pesticidas químicos** un 50% ata 2030 na Unión Europea e outra para **restaurar os ecosistemas comunitarios** danados, desde os bosques ás terras de cultivos ou os ecosistemas mariños.

Esta proposta expón que os agricultores deben utilizar métodos alternativos para a prevención e control de pragas, de tal maneira que as pesticidas químicas sexan o último recurso. Para o que, os países da UE deberán establecer regras específicas para cada cultivo nas que identifique alternativas ás pesticidas químicas.

Neste sentido, a comisaría de Saúde e Seguridade Alimentaria, Stella Kyriakides, incidiu en que "non estamos a prohibir as pesticidas só expomos substituílos con alternativas sostibles" e matizou que non propoñen unha soa medida para todos os Estados membros nin todos os campos e apuntou que "axudaremos aos agricultores economicamente nos próximos 5 anos".

Máis Info

## Fauna en perigo de extinción en Galicia: estas son as 24 especies

A palabra "extinción" asusta. Implica perda, desaparación e esquecemento. Máis aínda cando o concepto vai unido a especies seriamente ameazadas. En **Galicia**, segundo o catálogo da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, hai máis dunha vintena de especies en perigo de extinción. **A metade delas son aves**, seriamente comprometidas **pola destrución dos seus hábitats**, moitas veces derivada da intensificación agrícola. Pero tamén hai **moluscos, réptiles, artrópodos e un mamífero, o oso**, que claman axuda. Entre o perigo e a extinción hai unha liña moi fina que, talvez dándolles visibilidade, non consiga romper.

Entre as aves máis ameazadas en Galicia está o **abetouro (Botaurus stellaris)**, que adoita habitar lagoas e zonas húmidas con abundantes masas de carrizos onde esconderse. As épocas do ano nas que se pode observar esta ave son en outono e inverno, mentres que en verán só se consegue ver de maneira esporádica.

**Aguia real (Aquila chrysaetos)**, a perda do seu hábitat é unha das principais ameazas, pero tamén o é a persecución directa: ben con disparos ou cebos envelenados, así como o espolio dos nenos. Os parques eólicos e as liñas eléctricas tamén semellan ter efectos na súa mortalidade...

Máis Info

## Sabías que...

**Satélites europeos rexistran 53 graos de temperatura no chan de España.** A temperatura do chan non debe confundirse coa temperatura do aire que, aínda que tamén está a ser moi alta estes días –as de principios de xuño foron as máis cálidas dos últimos 20 anos en España–, non alcanza os valores que se acumulan na superficie terrestre.



# Mestura informativa

## RECEITA ECOLÓXICA: Pastel de verduras invernais

**Ingredientes:** 2 berenxenas grandes ou 3 medianas, 400 gr de tomates Cherry ou 4 tomates comúns, 4 patacas medianas, 3 ovos, sal, pementa, aceite de oliva, herbas e/ou especias (opcional), 100 gr. de queixo rallado.

Pelar as berenxenas e cortalas en rodaxas de 1 cm que se irán colocando nunha fonte logo de salgalas lixeiramente e deixaranse por uns 30 minutos para que eliminen o gusto acre. Unha vez realizada esta tarefa débense lavar ben e reservar. As patacas tamén se pelan, córtanse en rodaxas máis finas e consérvanse en auga para que vaian perdendo o almidón que poida sobrar e non se ennegrezcan. Os tomates poden pelarse ou non, segundo o gusto dos comensais. Unha vez lavados córtanse en rodaxas de grosor similar ao das patacas...

Máis Info

## Por que é importante cultivar ourego no teu xardín?

O ourego é unha planta perenne moi popular para cultivar nun xardín de herbas, o horto ou un bosque de alimentos. Falamos de seis **beneficios** do ourego no noso xardín: **é fácil de cultivar**, aínda que esta herba prefire un clima solleiro e caloroso cun chan ben drenado, pode sobrevivir a períodos húmidos e tamén a un pouco de sombra. É unha **boa planta medicinal**, úsase a miúdo nos remedios naturais, e é antibacterial, antioxidante, antihongos, antiinflamatorio e antihistamínico. Esta herba pode usarse tanto fresca como seca na **cociña**. Úsase popularmente na cociña italiana na pizza e nas salsas de pasta a base de tomate. **Atrae aos insectos beneficiosos e aos polinizadores**. É un **repelente de pragas** e constitúe un magnífico **mantillo vivo** nos xardíns perennes.

Máis info

## A recarga móbil para coches eléctricos chega a España

A ansiedade pola autonomía é un dos fenómenos que máis rexeitamento provoca nun coche eléctrico.

Aterra no noso país a compañía italiana E-GAP. Operativa xa en Roma, Milán, Bolonia, Turín ou París, estrea en Madrid o seu servizo de recarga móbil, urbana e baixo demanda para vehículos eléctricos. Conta para iso con **furgonetas** (tamén cero emisións) que se desprazan ata o lugar onde teñamos o coche aparcado para recargarlle a batería. O cliente só ten que **darse de alta na app da compañía**, onde pode rexistrar ata **cinco** vehículos. Así, por **10 kWh** pagaremos 20 euros, por unha de **20 kWh** serán 25 euros e por unha de **30 kWh**, 30 euros no servizo rápido. E **dous euros menos** en cada caso si temos menos présa.

Máis Info

## Trazas de pneumáticos fóra de uso poden servir para materiais de fabricación con menos pegada hídrica

O proxecto **NeumaticOUT** da Universidade de Alcalá xa obtivo algúns resultados preliminares das investigacións que realiza para darlle utilidade aos pneumáticos de fóra de uso (NFU). Entre eles, apunta á posibilidade de que poidan servir para **materiais de fabricación** con mellor uso de auga e, por tanto, con menor pegada hídrica. Concretamente, trazas destes produtos poden servir como substituto do árido natural para a **fabricación de morteiros de albanelaría**, dotándolles de certas propiedades útiles para a edificación como unha menor absorción de auga, menor peso específico e menor condutividade térmica...

Máis Info

# Boas Prácticas

## Sevilla é o primeiro laboratorio urbano de iniciativas pioneiras para a adaptación da cidade ás ondas de calor

Sóanlle os nomes de Lola, Filomena, Ernest ou Justine? Pois quedar con estes outros: **Zoe, Yago, Xenia, Wenceslao e Vega**. Serán, por esta orde, as próximas ondas de calor que supoñan un maior impacto na poboación e que, a partir de agora, serán bautizadas, como xa ocorre desde hai tempo coas borrascas, os furacáns, as tormentas ou as nevadas.

A iniciativa enmárcase no **proxecto proMETEO**, unha experiencia piloto internacional e pioneira en todo o mundo promovida polo Centro de Resiliencia Adrienne Arsht Rockefeller Foundation e que **se desenvolverá por vez primeira na cidade de Sevilla**, convertida así en **laboratorio urbano** para mitigar o incremento das cada vez máis frecuentes ondas de calor.

Máis info

## O Concello de Huelva e PreZero España lanzan a campaña 'Obxectivo Huelva Impecable' para mellorar a limpeza da cidade

As mensaxes da campaña virarán ao redor da idea de persoas implicadas cun barrio impoluto por unha cidade impecable, centrando as mensaxes na implicación dos veciños para avanzar en **tres obxectivos** moi concretos; o **uso correcto das papeleiras**, a **recollida de excrementos de cans** e o **depósito de voluminosos na vía pública**. Mensaxes que se transmitirán con imaxes de trazo sinxelo e eslóganese simples, intelixentes e divertidos. **Desenvólvese** con soportes publicitarios de cartelería no mobiliario urbano, pantallas dixitais ou autobuses e con presenza en medios de comunicación e en redes sociais.

Máis Info

## O Concello de Barcelona publica unha guía para deseñar espazos verdes

O Concello de Barcelona publicou a **Carta do Verde e a Biodiversidade**, unha guía que recolle **como deseñar os espazos verdes da cidade** considerando os servizos socioambientais e integrando criterios a favor da sustentabilidade.

O **obxectivo** é aplicar os criterios da carta para construír unha cidade máis habitable, cun espazo público ao servizo da cidadanía e que destaca o valor da natureza. **A carta está pensada** como marco de referencia común para os proxectistas e para o resto de técnicos que traballan nas diferentes áreas municipais implicadas no proceso de elaboración dos proxectos dos espazos verdes da cidade.

Máis Info

## Axenda Ambiental

📅 **Conversas naturalistas: bolboretas, avelañas e libros.** A actividade terá lugar nas antigas cabalarizas do Pazo de Lóngora, actual sede do Centro de Documentación, o vindeiro xoves, 30 de xuño, ás 19.30 h.

📅 A Coruña acolle a novena edición do **Festival Mar de Mares** que se celebrará en setembro que se celebrará entre os días 15 e 18 de setembro. A temática central virará en torno ao papel do mar.

Ver Boletíns anteriores